
ALOUMIÑOS
Xosé María
Díaz Castro
N 29 - Ano XXIII - CEIP de Ponte Sampaio 2014

# Sumario

Limiar 2
Celebración do Día da Paz 3
Os medios de comunicación 6
O conto de Pepe e da barca 10
Seres fantásticos galegos 14
O Hockey 16
O Bádminton 17
Don Quixote loita contra o Castelo de Ponte Sampaio 18
Nubes de 1º. Refráns de primaria 20
Humor. A subida do IVE 25
Un día no Salgueiral 26
A nosa macedonia 31
Imos inventar un conto 32
Letras Galegas 2014: Díaz Castro 34
Día do libro 36
Os dez mellores libros da historia 37
O misterio do Lixo Mutante 38
Estiveron no cole 39
Unha historia de animais domésticos en primavera 40
Shakespeare 44
Gabriel García Márquez 45
Orla 4 anos 46
Chistes 47
When I am a older I want to be... 51
Concurso de cartas de Educación Viaria 53
Proxecto "a auga" 54
Facendo pan 59
II Certame de relato curto 60
Pequenos poemas 63
Xogo de parellas 64
Xeroglíficos 66
Roteiro dos Bolechas 67

O equipo de Dinamización da Lingua Galega manifesta que algúns traballos presentan incorreccións lingüística propias das idades dos alumnos/as.

Aínda sendo comentadas e explicadas polo profesorado responsable, non foron corrixidas respectando na mayoría dos casos a presentación orixinal.

Queridos lectores e lectoras:

Vinte e tres anos van xa desde a miña primeira aparición e aquí estou, coa mesma ilusión daquel día, disposto a entrar nas súas casas para dar testemuña de tantas actividades que se fan na escola.

Dous personaxes cobran especial protagonismo nesta edición: Nelson Mandela, a quen adicamos o Día da Paz, e Xosé María Díaz Castro, homenaxeado con motivo da celebración do Día das Letras Galegas.

Protagonismo teñen tamén, como cada curso, os alumnos e alumnas de 6º. Este é o seu último Aloumiños ao rematar a Educación Primaria e continuar os seus estudos noutro centro.

Grazas rapaces polo voso esforzo e colaboración de tantos anos e sorte na ESO.

Bo verán e pracenteira lectura

Aloumiños




Nelson Mandela
Raquel
Naceu no ano 1918
Vivía en Sudáfrica
Quería que os negros e brancos esten..
Xuntos
Condenárono 27 anos no cárcele.
No 11/2/1990 foi liberado
Nobel da paz
Grazas
El e o novo president gañaron un premio
FOI PRESIDENTE
A súa frase mais dita e...
La educación es el arma mas potente para cambiar el mundo
Descanse en paz
R.I.P
E morreu no 2013

# DÍA DA PAZ 2014 NO NOSO COLEXIO.

Este ano decidimos dedicarlle o Día da Paz á figura de Nelson Mandela (1918-2013).
Loitou ao longo da súa vida pola igualdade entre blancos e negros no seu país.
Aquí tedes algunhas das súas frases máis coñecidas.







Se queres facer a paz co teu inimigo tes que traballar con el.
Entón convértese no teu compañeiro.

Ninguén nace odiando a outra persoa pola cor da súa pel...
A xente aprende a odiar, e se aprende a odiar tamén pode aprender a amar. O amor chega con máis naturalidade ao ser humano que ao seu contrario.

A maior gloria
non é nunca caer




Non é valente o que non ter medo, senón o que sabe conquistalo.

Despois de escalar unha montaña moi alta



descubrimos que hai moitas outras montañas por escalar.

Todo parece imposible ata que se fai.

Nenos e nenas de 4° EP

# Os medios de comunicación

Curso 2013-2014

## Educación infantil 5 anos

### Contido


| | |
|---|---|
| Empezamos | 1 |
| A prensa escrita | 2 |
| A prensa radiofónica | 3 |
| As cartas | 4 |


Dada a importancia dos medios de comunicación nos nosos días como instrumentos que nos informan do que sucede no noso contorno e que achegan ao neno/a á realidade social e cultural na que se atopa inmerso; este curso decidimos desenvolver un proxecto de traballo de case dous meses sobre este tema. Dende un punto de vista educativo, consideramos fundamental levar a cabo experiencias que contemplen a análise dalgún dos medios de comunicación que forman parte da vida cotiá dos nenos/as, que suscitan o seu interese e que lle permiten acceder a un coñecemento máis significativo do medio físico, social e cultural ao que pertencen. Se ben, tendo en conta que as novas tecnoloxías as coñecen xa quizais en demasía optamos por centrar o noso interese nos medios de comunicación máis tradicionais, como son a prensa, a radio e as cartas.

Así pois, con esta intención puxémonos a investigar como levamos facendo nos últimos dous anos, e o primeiro que fixemos foi analizar que sabíamos dos medios de comunicación e que queríamos saber.




### Achegas das familias:

- Teléfonos móviles.
- Teléfonos fixos (que teléfonos máis raros había antes).
- Ordenadores.
- Cámaras de fotos.
- Xornais.
- Walkie-talkies-
- Cartas e sobres.
- ...

## Precisamos axuda!!!

E como sempre cando empezamos un proxecto o seguinte paso é pedir axuda aos que máis saben de todos: os nosos papás, avós, irmáns (porque resulta que algúns estaban facendo un obradoiro de radio)...







E mirade cantas cousas nos trouxeron... e montamos o "rincón buscón"

# A prensa escrita

Traballando coa prensa escrita fixemos moitas cousas: miramos as partes dos xornais, logo fixemos nós dous xornais (un nós sós e outro con axuda da familia), invitamos unha xornalista e unha fotógrafa a pasar un día con nós (e elas explic-áronnos moitas cousas dos xornais), aprendemos a facer entrevistas e fixémoslle unha á doutora da vila…






















# A prensa radiofónica

Unha profesional da radio veu un día á nosa clase e explicounos como funcionaba a radio, e incluso nos deixou gravarnos e facer unha entrevista.

Foi moi divertido facer prácticas de oratoria co lapis na boca, e entrevistarnos en directo, e logo oírnos, e a mesa de mesturas encantounos.







# As nosas entrevistas

Como bos xornalistas puxémonos a investigar como facer unha entrevista: primeiro decidimos a quen facerlle a entrevista (e aproveitando que iamos ir de visita ao centro de saúde optamos por entrevistar á doutora), logo miramos que cousas nos facían falta (lapis, gravadora, cámara...) e despois escollemos as preguntas (como te chamas?, cales son os teus instrumentos?, cantos anos tés?...

E por último repartimos as tarefas: uns farían fotos, outros gravarían, outros tomarían notas... foi moi moi divertido e a doutora quedou impresionada coas nosas habilidades.



***No noso blog podedes ver máis fotos e as fases do proxecto, así como tamén podedes oír algún audio da entrevista.***

***Ospequesdepontesampaio.blogspot.com.es***





# As cartas

E como non podía faltar en todo proxecto sobre os medios de comunicación traballamos as cartas. Para traballarmos as cartas decidimos escribirlles unha carta á nosa familia (pero unha carta ben feita, mirando as partes dunha carta, estudando que se pon nos sobres en cada un dos lados...) e logo tamen a fomos botar a correos e alí explicáronnos moi ben como funcionaba iso de correos, xa que nós non tiñamos nin idea. Para máis sorte nosa, coincidiu que xusto eses días recibimos unha carta do Rei Ernesto que nos invitaba a través de cartas a superar unha serie de probas para conseguir un tesouro.

Foi unha experiencia fantástica na que aprendemos moito, e ¿a que non sabedes cal era o tesouro que nos agochara o Rei Ernesto?









Cambados, 19 de febrero de 2014

Hola niños y niñas de 5 años:

Otra prueba superada en equipo
de ello me encuentro satisfecho...

Cerca ya está el "tesoro"
solo el mapa es necesario
para conseguirlo es sencillo
al profe Avelino debéis pedirlo
pero antes debéis contarle sin hablar
que el Mapa del Tesoro andáis a buscar
da igual mímica, gestos o señalar...
el os debe entender lo que queréis encontrar

El Rey Ernesto
que en cada carta
os cuenta un secreto





Cambados 10 de febrero de 2014

Hola niños y niñas de clase de 5 años:

Soy el Rey Ernesto, vivo en Cambados, pero me conocen muy bien los profesores de vuestro colegio... Me han contado que estáis trabajando los medios de comunicación y debo deciros, que seguro que ya sabréis, las cartas son el medio de comunicación más utilizado a lo largo de la historia.

En ellas se pueden contar muchas cosas...a los Reyes Magos, para decirle a los abuelos cuanto los queremos o podemos escribir una postal desde donde estamos de vacaciones... hay tantas cosas que se pueden contar y descubrir...!!!

Por eso, me dirijo a vosotros y vosotras por carta...

El curso que viene ya sois alumnos y alumnas de Primaria...por lo tanto, es vuestro turno para descubrir el "Tesoro escondido en el Colegio de Pontesampaio"....

Queréis encontrarlo???...deberéis superar unas pruebas y esas pruebas os darán las pistas....
Y cómo recibiréis las pistas???
Será a través de cartas, postales...es decir, estar muy atentos a la cartera....ella os llevará al colegio el correo....y los profesores serán los que me dirán si están superadas las pruebas.
Estáis preparados para empezar????



# O CONTO DE PEPE O DA BARCA

polo colectivo " A xente de 2º "



Pepe tiña moitas ganas de ter un barco. O que pasaba era que non atopaba ningún que fose barato, por moito que buscaba, e é que Pepe era un home de poucos cartos.



Ata que un día atopou no medio da praia unha lanchiña coma esta que vedes arriba. Era vermella e moi bonita, aínda que un pouco escacharrada, pero Pepe reparouna, porque os outros barcos eran moi caros. Quedou de marabilla e sempre ía pescar con ela mentres a súa muller quedaba cun bebé moi feitiño que tiñan. Pasaron moitos anos e o bebé fíxose maior e Pepe puido levalo a pescar con el na lanchiña vermella.



Un día estaban os dous pescando no medio da ría e, de súpeto, algo picou con moita forza na cana de Pepe. Tirou, tirou, tirou e Vaia sorpresa!. Un peixe enorme! Levárono a casa para cociñalo entre os tres na cociña de butano. Pero non había aceite, así que o fillo tivo que ir á Illa de Ons a mercalo. Ao pouco de saír unha tormenta tirouno da barca, pero a tormenta pasou e volveu subir. Chegou a casa sen aceite, pero era igual, porque o peixe que pescaran era unha barracuda tan grande que non cabía en ningunha tixola. Estaban os tres moi amolados, porque tiñan moita fame, cando de súpeto apareceu unha bruxa, con cara de boa xente, que dixo: Ola, son Peruxa e gústame facer maxia branca.





Que queredes pedir? E contestaron os tres a unha: Queremos unha tixola xigante, 5 litros de aceite de oliva e unhas pataquiñas para fritar. Á bruxa Peruxa deulle moita



_ Vaia parvada que pedides! E por que non pedides unha mansión e moitos cartos? Así comprades as tixolas que queirades e se se vos acaban os cartos pedides máis.

_ Vale, pois queremos iso…

_ Ben, pois se queredes iso, aí vai…

A bruxa Peruxa fixo o seu desexo realidade e marchou. Entón dixo Pepe:



_ Paso da barracuda morruda! Vou ao mercado a por marisco!

E marchou ao mercado a comprar bois, pero ao pagar, a peixeira díxolle que as moedas eran de chocolate. Pepe enrabechouse todo, porque a bruxa mentireira enganáraos e xa non podían comer marisco nin nada. A súa muller díxolle:” Non te preocupes, nós temos unha bolsa máxica para amolar xente mentireira. Vai aprender esa bruxa que non se din mentiras”. Pero Pepe tiña medo porque Peruxa sabía máis de feitizos e maxia ca eles e das bruxas nunca se pode fiar un.



Ao final decidiron non mirar atrás e pasaron da bruxa Peruxa. Saíron os tres na lanchiña e pasaron un día fantástico; pescaron, bañáronse e volveron á noitiña.

Cando ían a casa, atoparon a un antigo compañeiro de Pepe, que se chamaba Bruno e estiveron á leria un bo anaco. Pepe invitouno a pescar e pescaron unha pulseira de bronce. Bruno regaloulla a Pepe para a muller e desde aquela foron amigos.

Bruno, Pepe e as dúas familias estaban contentísimos por non lle ter feito caso á bruxa Peruxa e de disfrutar da vida todos xuntos. A verdade é que o mellor tesouro que se pode ter é a compaña dos amigos e a familia.

Este é o noso conto e se a alguén non lle gusta, non nos importa porque nós somos

AMIGUIÑOS
PARA
SEMPRE!
VA QUE SI?



# F I N

Alumnado de 2º EP

# SERES FANTÁSTICOS GALEGOS

## BIOSBARDOS



Son seres fabulosos que ninguén sabe describir perfectamente. Teñen forma de paxaro ou de chico. Habitan nos bosques de Galicia. Para cazalos hai que ir en noite escura a un camiño estreito e apartado.

## Pepa a loba.



Pepa a loba e unha bandoleira mítica. É o prototipo de muller fiera, como o seu nome indica. Recorreu todas as comarcas de Galicia. Ás veces presentase cruel e sanguinaria, outras, como arquetipo de bandoleira que axuda aos pobres. Contanse contos e historia das súas andanzas.

# NUBEIRO



É un personaxe mitolóxico. Penso que é forte e grande. Os nubeiros son capaces de provocar tormentas e dirixir raios a vontade. Un dos métodos tradicionais para esconxuralos é tocar as campás da igrexa.

# PEDRO CHOSCO

É un home de barba branca, maneiras doces e voz grave que se encarga de dormir aos nenos con suaves caricias. Os nenos ven a Pedro Chosco cando teñen un ollo pechado e o outro non o poden abrir.



# LOBISHOME



Este animal representa, para os galegos, a desfeita. É un home ou unha muller que se pode transformar en lobo por algunha maldición.

Alumnado de 5º




Este ano, grazas á achega da ANPA chegaron ao noso centro dous novos deportes, o BADMINTÓN e o HÓCKEY. Ímosvos facer un breve percorrido por estes dous descoñecidos que a nós nos encantaron e que esperamos seguir coñecendo.

## Pero… qué é o hóckey?

O **hóckey** é un deporte no que dous equipos rivais compiten para meter unha pelota na portería do equipo contrario anotando así un gol coa axuda dun pau, coñecido como *stick* en inglés, que permite controlar a pelota. O obxectivo consiste en marcar máis goles có equipo contrario ó finalizar o tempo de xogo.






## Un pouco de historia

- O hóckey pode ser considerado como unha das actividades lúdico-deportivas máis antigas do ser humano.
- A representación máis antiga dun xogo con pelota e paus data duns mil anos antes de Cristo, nun relevo esculpido nunha tumba exipcia.
- Tamén en China, Grecia, Roma e outras civilizacións coñécense antecedentes deste deporte.
- Existen varias modalidades da familia do hóckey:
  - **Hóckey herba:** aparece a finais do século XIX.
  - **Hóckey sobre xeo:** orixinario de Canadá.
  - **Hóckey patíns:** aparece en Gran Bretaña a finais do século XX.
























## O QUE SABEMOS DO BÁDMINTON

- É un deporte de raqueta no que se enfrontan dous xogadores ou dúas parellas situadas en dous campos enfrontados separados por unha rede.
- A diferenza doutros deportes non se xoga cunha pelota, senón cun volante.
- Os xogadores deben golpear o volante coas raquetas para que pase por enriba da rede ó campo rival.
- É orixinario de Asia, concretamente da India onde recibía o nome de Poona. Algúns oficias ingleses observárono levárono a Inglaterra en 1873.



# DON QUIXOTE LOITA CONTRA O CASTELO DE PONTE SAMPAIO

– Sancho, fiel escudeiro, hai xente que pensa que eu loitei contra muiños de vento. Pero non é certo, eu loitei contra o castelo de Ponte Sampaio.

– O Castelo... de onde?

– Hay moitos anos houbo en Ponte Sampaio un castelo, máis ben unha fortaleza, que estaba situada nunha illa na fronteira do río Verdugo e que facía fronteira entre as Terras de Turonio e as de Santiago.

– E, aínda existe ese castelo, meu señor?



- Non. Estouche dicindo que eu loitei contra o castelo. Como ía quedar en pé despois diso! O castelo estaba a carón dun recheo que moitos anos máis tarde foi ocupado pola fábrica da Pontesa.



- Xa sei, é unha illa que ten unha ponte levadiza...

- Non te confundas amigo Sancho. Esa é a illa da Insuíña, tamén coñecida coma a Illa de Medal. Alí tivo o seu estudio de pintura Don Antonio Medal, un gran artista ponteareán. Hoxe todo o mundo pode visitar a illa, é moi fermosa!

- Pero entón, se non é esa... só hai unha que son todo pedras e eucaliptos. Non creo que fose tan importante.

- Como se che ocorre falar así! Escudeiro ignorante! O castelo chegou a ser mesmo fronteira entre os reinos de Portugal e o de León e Galicia. E mesmo alí estivo o rei Fernando II. Ai, Sancho, Sancho, canto vas que aprender ao meu carón.



Nenas e nenos de 4° EP

# Nubes de refranes 1º Primaria



Nunca choveu
que non escampase.
Nerea Rodríguez Lorenzo 1º



Lo que no se llevan los ladrones
aparece por los rincones.
Rocío Alonso Gómez 1º

Cada gorrión tiene su corazón.
Sara Muñoz Fraguas 1º




Dous non discuten, se un non quere
Manuel Soto Lusquiños 1º


Tronada lejana, lluvia cercana
Antía miguez vidal 1º


El que la sigue, la consigue
BreixoBarreiro Acuña 1º

En largos caminos se conocen los amigos
Mesi Freijeiro Currás 1º






Can ladrador, pouco mordedor.
Thais Fernández Rodríguez 1º



Maio ventoso y Abril lluvioso,
hacen a Maio florido y hermoso.
EtHAN Rodríguez Novas 1º



A buen amigo, buen abrigo.

Erika Rey González 1º

En cada refrán, tes unha verdade.

Hugo Míguez Fernández 1º



Ojos que no ven, corazón que no siente

Walid Famhi 1º





Fai ben, e non mires a quen.

David Barcala Miñán 1º

A quien madruga, Dios le ayuda.

Miguel Martínez Viroso 1º





En Santos,

xa mato ós bois nos campos.

Andrea Rial Fernández 1º

Por San Xoan, pinga a sardiña no pan.

OLAIA Piñeiro López. 1º





Polo pan baila o can.

Carla Gándaro Casal. 1º

# HUMOR: "COA SUBIDA DO IVE, OS PREZOS DOS LIBROS ESTÁN POLAS NUBES".



- Meu señor, que é iso? Un paxaro?
- Non, querido Sancho.
- É un avión?
- Non, querido Sancho.
- Un obxecto voador non identificado?
- Déixate de parvadas! É o IVA dos libros, que non para de subir!!!

Nenos e nenas de 4º EP

# UN DIA NO SALGUEIRAL




QUE NERVIOS! EU POR SE ACASO NON DIGO NADA
UNHA MÁQUINA PARA CORTAR QUEIXO, CHOURIZO...
NOOOONNN!
A CAMA DUN FAQUIR
HABÍA MOITAS MAIS COUSAS
APEIROS DE LABRANZA
FERRAMENTAS DE CARPINTEIRO
PARA BUSCAR OURO

DESPOIS FOMOS ONDA O SEÑOR BASILIO QUE NOS AMOSOU OS PALLEIROS...



A MALLAR A HERBA








E O FORNO E AS ARTESAS ONDE GARDA A FARIÑA


DESPOIS FOMOS VER OS ANIMAIS DO SEÑOR EVANGELINO
ESTE TOURO MÍRAME MAL
A VER SE TEN UN LAGARTO NAS ORELLAS
COMO SE ME ACHEGUE MÁIS...MÉTOLLE UN BOCADO
BEEEEE
QUITÁCHESME A PALABRA DA BOCA


POR ÚLTIMO FOMOS A CASA DE TERESA E AQUILINO, ONDE VIMOS A SÚA HORTA, COMO SE MOE O MILLO...
MENUDA HORTA!!
DÉMOSLLE DE COMER ÁS GALIÑAS
PITAS PITAS PITAS
UHMMM PENSO QUE XA ME PASOU A FAME
E EXPLICÁRONNOS COMO SE FACÍA O PAN
...E PARA QUE NON SE FOSE A CALOR USABAN BOSTA FRESCA DE VACA
FIN

# A NOSA




NA CLASE DE 4 ANOS, TRABALLANDO A ALIMENTACIÓN PENSAMOS QUE PODIAMOS PREPARAR UNHA MACEDONIA NA CLASE.



1º ELABORAMOS UNHA LISTAXE DE FROITAS.

2º TRUXEMOS INGREDIENTES E UTENSILIOS.





3º BOTAMOS AS FROITAS TROCEADAS.









4º REMEXEMOS CON COIDADO, SEN ESMAGALO.









POR ÚLTIMO ...



¡QUE BO !



¡ESTOU QUE REVENTO!



A COMER !!

# Imos inventar un conto

Os nenos e nenas de 5 anos estivemos traballando arreo a lectoescritura durante este ano; para iso non só lemos os escritos doutras persoas, senón que tamén fixemos os nosos, ás veces de xeito individual, ás veces por parellas, outras veces en pequeno grupo e outras todos xuntos.

Como podedes observar a profe non limita nada a nosa creatividade e déixanos elaborar o que nós queiramos, por iso os nosos contos son tan especiais: hai contos nos que predomina o texto, contos nos que predomina a historia, contos nos que é importantísima á imaxinación, contos nos que o máis traballado é a caligrafía... en fin, hai tanta variedade e diversidade como variada e rica é a nosa aula.

Aquí vos deixamos unha pequena mostra (se queredes ver máis non dubidedes en visitar o noso blog: ospequesdepontesampaio.blogspot.com.es)

**Título:**

**La princesa Olaya.**

**Autoras:**

- **Zaira e Rosalía**




**Título:**

**El dinosaurio tropezón**

**Autores:**

- **Pablo e Javier Cabaleiro**



**Título:**

**El león que se escapó**

**Autores:**

- **Jose e Antonio**




**Título:**

**La princesa Rosa**

**Autoras:**

- **Ánxela e Xiana**




XOSE MARÍA DÍAZ CASTRO
Xosé Mª Díaz Castro
Vilariño (Guitiriz) 1914
Lugo 1990
Aos quince anos ingresa no seminario de Mondoñedo
O seu contorno e lembranza da nenez son capitais na súa obra.
Estudou na Universidade de Salamanca
Traballou como profesor
No ano 1948 marchou a Madrid onde residiu ata a xubilación. Traballou como tradutor
Todos os seus poemas están recollidos no libro «Nimbos»
Un paso adiante i outro atrás, Galiza, i a tea dos teus sonos non se move. PENÉLOPE
A esperanza nos teus ollos se espreguiza. Arran os boisechove
ALBA P.
LETRAS GALEGAS 2014

# ESMERALDA

(Xosé María Díaz Castro)

Herba pequerrechiña
que con medo sorrís
ao sol que vai nacendo
e morrendo en ti.
Por que de ser pequena
te me avergonzas ti?
O Universo sería
máis pequeno sem ti!









A noite é...

Hay homes cheos de sombra,
homes a contralús
que che fan ver a Deus
coma unha mar de lus.

A noite é necesaria
pra que ti poidas ver
sobre o medo e o mal
as estrelas arder.



Miki
3º Primaria.

# 23 DE ABRIL DE 2014: DÍA DO LIBRO

Coma todos os anos o día 23 de abril celebramos no colexio o día do libro. Como todos e todas sabedes escolleuse esta data porque foi o día que faleceu Miguel de Cervantes, autor do libro "El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha".




Miguel de Cervantes tamén escribiu...

- La Galatea (1585)
- El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha (1605)
- Novelas ejemplares (1613)
- El ingenioso caballero don Quijote de la Mancha (1615)
- Los trabajos Persiles y Sigismunda (1617)

# LISTAXE DOS DEZ MELLORES LIBROS DA HISTORIA

Ao longo da historia houbo moitos escritores con grandes obras literarias. Segundo os críticos as dez mellores representacións literarias son as seguintes que vos amosamos agora:




Título:Don Quijote
Autor:Miguel de Cervantes
Ano:1992
Xénero:Novela
País:España




Titulo:1984
Autor:George Orwell(Reino Unido)
Ano:1947-1948




Título:Crimen y castigo
Autor:Fiador Dostoieuski (Rusia)
Ano:1866
Xénero:Novela




Título:La Iliada
Autor:Homero (Grecia)
Ano:500 a.C.
Xénero:Poema




Título:Hamlet
Autor:William Shakespeare (Inglaterra)
Ano:1603




Título:Cien años de soledad
Autor:Gabriel García marquez (España)
Ano:1952

Título:Orgullo y prejuicio
Autor:Jane Austen (Reino Unido)
Ano:1813
Xénero:Novela










Título:Lolita
Autor:Vladimir Nabokov (Rusia)
Ano:1955
Xénero:Novela

Título:Odisea
Autor:Homero(Grecia)
Ano: s.VII a.C.
Xénero:Poema épico




Título:La divina comedia
Autor:Dante Alighieri (Italia)
Ano:desconocido
Xénero:Poema

# O misterio do lixo mutante

Este, é un libro de Carlos Freire que ensina ás pequenas persoas a reciclar, a axudar aos animais e, sobre todo, a facer deles unha nova esperanza para a terra.



Recoméndovos lelo, pois nós disfrutamos da súa lectura na aula e paréceme moi interesante e misterioso.

Os protagonistas son catro gatos chamados Carlocho, Fiz, Felisa e Névedo.

Os catro amigos teñen un misterio por resolver... Alguén lles deixa mensaxes secretas nun idioma extraño!

Algunhas probas deberiades tentar resolvelas, coma descifrar as mensaxes, é facilísimo!

O 14 de maio, veu o autor a darnos unha charla moi divertida e interesante, da que aprendemos moitas cousas, entre elas, algo sobre a mitoloxía e o Sistema Solar.




Iria 6º

# ESTIVERON NO COLE...

## Miro Magariños



**Ramiro Bahamonde Magariños,** actor galego de amplo currículo. Traballou no Centro Dramático Galego, Teatro do Morcego e fundou a súa propia compañía: a Compañía Miro Magariños. Tamén actuou en cine e televisión. Son coñecidas as series: *Mareas Vivas, Pratos combinados, Libro de Familia* e *La que se avecina*.






Despois de presentar no cole un sorprendente teatro de sombras para os máis cativos, deixóunos este fermoso agasallo.

## Carlos Freire



**Carlos Freire Cordeiro** (Moaña, 1970), licenciado en Filosofía e Máster en Medios de Comunicación de La Voz de Galicia. Escritor e colaborador de prensa, ten dedicado gran parte da súa vida a escribir contos e relatos.

Compartiu unha sesión co alumnado do 2º e 3º ciclo, aos que presentou o seu último libro:
*O misterio do lixo mutante.*






No remate, agasallounos con esta fermosa e sentida dedicatoria.



# EDUCACIÓN INFANTIL
# 3 ANOS



Inventamos e ilustramos un conto:







ALÍ TAMÉN VIVÍA UN PAVO QUE NON ERA REAL,
POIS OS PAVOS REAIS VIVEN NO MONTE E NA
SELVA.


TAMÉN VIVÍA UN GALO, UNHA GALIÑA E
PITIÑOS.
HABÍA MOITAS FLORES PORQUE ESTABAN NA
PRIMAVERA.


TAMÉN HABÍA DOUS GRANXEIROS,
UNHA VACA,
UN TOURO.


UNHA OVELLA,
UN COELLO,
UN PORQUIÑO
E UN GATO.
O TOURO CHAMÁBASE FERDINANDO E ERA AMIGO DE LUCAS.


TAMÉN HABÍA UNHA GRANXEIRA.
UN DÍA CAEULLE UN PENDENTE NO CORTELLO DO PORCO E AO COLLELO CAEU ELA TAMÉN E FIXO UN CHICHÓN NA CABEZA, E MANCHOUSE DE BARRO, TAMÉN ROMPEU UN DENTE.


FIN DESTA HISTORIA




BREIXO LUIS




VEGA

DIEGO I.




CARLOTA

AARÓN

LUCÍA

DIEGO B.






ANDREA

ÁNXELA

EDUARDO

AROA



GORKA

SARA



# 450 años del nacimiento de William Shakespeare



**William Shakespeare** es quizá el autor más citado y conocido de toda la literatura. Sus obras de teatro se representan en todo el mundo y son universalmente famosas.

Shakespeare **nació en 1564**, en una rica **ciudad inglesa**.

Shakespeare debe su fama a **38 obras de teatro**. Mientras vivió en Londres, escribió, aproximadamente, dos por año. Nunca las publicó, pero las hizo representar en teatros londinenses. Más tarde, se retiró a Stratford, donde vivió sin problemas económicos. **Murió en 1616, el mismo año que Cervantes.**

Las obras de Shakespeare divertían y entretenían al público. En sus obras, creó una gran variedad de personajes que parecen vivos. Además, la riqueza de su lenguaje es sorprendente.

Escribió comedias divertidas y simpáticas, como **El sueño de una noche de verano** (hacia 1595), **Mucho ruido y pocas nueces** (hacia 1599) y **Como gustéis** (hacia 1600). Las más famosas son **Romeo y Julieta** (hacia 1595), **Hamlet** (hacia 1601), **Otelo** (hacia 1604), **El rey Lear** (hacia 1605) y **Machbeth** (hacia 1606). En su tiempo libre, también escribió poesía. Sus **154 sonetos** de amor se encuentran entre los poemas amorosos más famosos de todos los tiempos.

**Allí donde el agua alcanza su mayor profundidad, se mantiene más en calma.**

**Ser o no ser, esta es la cuestión.**

**En un minuto hay muchos días.**



# GRABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ



Gabriel **García Márquez,** escritor, novelista, contista, guionista, editor e xornalista **colombiano;** naceu en Aracataca, no departamento do Magdalena, o día **6 de marzo de1927**.

Aos vinte e sete anos publicou a súa primeira novela, *"La hojarasca"*, na que xa apuntaba os trazos máis característicos da súa obra de ficción, chea de desbordante fantasía.

A notoriedade mundial de García Márquez comeza cando se publica ***"Cien anos de soledad"*** en xuño de 1967.




Escribiu máis de 50 obras, entre as que tamén destacamos: *Crónica de una muerte anunciada*, *Del amor y otros demonios*, *Doce cuentos peregrinos*, *El amor en los tiempos del cólera*, *El coronel no tiene quien le escriba*, *Noticia de un secuestro*, *Relato de un náufrago* e *Vivir para contarla*.

García Márquez recibiu numerosos premios, distincións e homenaxes polas súas obras e pola súa traxectoria; o maior de todos eles, o **premio Nobel de literatura en 1982**.

O xoves **17 de abril de 2014.** aos 87 anos. **morreu** na cidade de **México** .

## Cien años de soledad




É considerada unha obra mestra da literatura hispanoamericana e universal, sendo unha das obras máis traducidas e lidas en español. Vendéronse máis de 30 millóns de exemplares e foi traducida a 35 idiomas.
Foi catalogada como unha das obras máis importantes da lingua castelá durante o IV Congreso Internacional da Lingua Española celebrado en Cartagena de Indias en marzo de 2007 e foi incluída na lista das 100 mellores novelas en español do século XX .


5º INFANTIL 2013-14
XIANA
AITANA
BRUNO R.
ALMA
UXÍA
MATEO
ALEIXO
ALBA
LAURA
BRUNO C.
NATALIA

# CHISTES

Entón dúas amigas falando e unha pregunta: Que é unha hipoteca? E di a outra. Que vai ser? Unha discoteca para hipopotamos.

Que pasa cando un elefante se apoia nunha pata? O pata queda viúvo.

ah! ah! ah!

A profesora pídelle a Nerea: Di o nome de cinco animais africanos. Nerea contesta moi convencida

-Cinco elefantes, profe.



oh! oh! oh!

ih! ih! ih!

ah! ah! ah!

Que animal é primeiro branco, despois negro, branco outra vez, negro de novo ...? Un pingüin caendo polas escaleiras

-Teño a cabeza chea de piollos. Non os aturo máis! -E por que non lles botas alcohol? É que se xa non os aturo así, vounos aturar borrachos!

Por que os elefantes non usan o ordenador? Porque teñen medo dos ratos

Cal é o colmo dun poster? Quedar durmida contando ovelliñas

-Mamá, mamá! Gústanche os tomates asados?
-Encántanme, por que?
-Pois alégrome moito, porque está ardendo a horta.



Que animal ten pico e non pica, ten ás e non voa, ten patas e non camiña?



Un paxaro morto..

Era un home tan lento, tan lento, tan lento, que fixo unha carreira el so, e chegou de segundo...

Cal é o colmo dun mudo? Que o deteña a policía e lle diga que ten dereito a gardar silencio

Un vampiro encontrase con outro que ten á boca chea de sangue e dille: Anda. Onde atopaches toda

ese

sangue fresco?



.Ves aquel muro de cemento?

.Vexo....

-Pois eu non o vin...

Un caníbal vai nun avión e, á hora do xantar pasa unha azafata que lle pregunta:

Quere que lle traiga o menú?

E o caníbal contesta:

Non, traiame antes a lista de pasaxeiros...

Iker Paula Érika Bruno Pablo

Alumnado de 2º EP Adam Edurne Hugo Nerea

# When I am older I want to be...




A zookeeper

A PIANO TEACHER



J O B S

A POLICEMAN



A journalist





A ZOOKEEPER




A footballer












A FOOTBALLER

J
O
B
S






A Chorus Director

An archaeologist



A saxo player



We Wish our dream comes true...

Co fin de impulsar e fomentar a educación viaria e premiar os mellores traballos en calquera dos ámbitos da seguridade viaria a Policía Local convocou un concurso de redacción de cartas no que resultou gañadora unha alumna do noso centro (Marta Reguera Ríos) coa seguinte carta.

Xoves, 6 de marzo do 2014

Queridos papis:



Dende que se inventou, o automóbil é a maneira máis cómoda de desprazarse dun lugar a outro.

Os nosos antepasados, posiblemente utilizaran un carro de vacas ou un coche de cabalos, pero no ano 1886 un alemán chamado Karl Friedich Benz, cambiou a historia do automóbil. Inventara o primeiro automóbil con motor!

Dende entón, o automóbil foi evolucionando, ata chegar a dispor de aparellos tecnolóxicos que aumentan a seguridade.




Os coches de antes eran simelos e so uns poucos privilexiados podían disfrutar destes.





Neses anos, a xente era máis coidadosa cos automóbiles, respectaban aos peons, non se pasaban do límite de velocidade (tampouco podían)...

Na actualidade as rúas están cheas de peons e persoas, que se desprazan por diferentes medios: en coche, en moto, en bici... Para organizar todos estes medios de transporte, son necesarias as normas de circulación.



Quérovos dar un bico moi grande por respectar e cumprir estas normas

Facendo así, pensades en vós, pensades en min e pensades nos demais.

Unha gran aperta.

Marta

# EDUCACIÓN INFANTIL

Os nenos e nenas de 3, 4 e 5 anos compartimos un montón de experiencias, saídas e obradoiros este ano como son a saída ao mercado, a correos ou á Biblioteca Municipal de Arcade, entre outras.
Xuntos fixemos pan, visitamos o médico, enterramos a sardiña...

Estes son algún dos nosos recordos:

## PROXECTO: "A AUGA"

### COR:







AZUL?



BRANCA?




OLOR:



SABOR:





# DISOLUCIÓNS
















# TRASBASE:



# FLOTACIÓN:





# SUSPENSIÓN:









# PINTAMOS CON PLASTILINA:



# E TAMÉN CON XEO:





# FACENDO PAN











Os nenos e nenas de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria participaron no II Certame de relato curto que organizou a FANPA de Pontevedra cun resultado moi gratificante para eles, as súa familias e o profesorado xa que sete dos corenta e cinco finalistas eran nenos/as do noso cole. Aquí vos deixamos algún dos relatos que resultaron finalistas para que poidades gozar con eles.

# O OSO QUE ROMPEU UN ÓSO



Nun frondoso e lonxano bosque, nunha manada de osos,vivía Óscar. Era un oso pequeno, peludo, e branco coma se fora albino. Como era un oso moi atrevido, alonxouse da manada, e foi a dar un paseo, pero despistouse e esvarou por unha costa, e deu nunha pata dianteira contra unha árbore.

Voltou a manada, e buscou axuda. Os mais vellos do grupo, dixéronlle que tiña unha mazadura, pero que non sabían como curala.

E foi polo bosque a xunto todo tipo de animais:Foi a onde se atopaba Sara, a serpe, e lle inxectou un pouco do seu veleno, a ver se pasaba, pero nada. Foi a xunto Estela, o esquío, e fixolle un emplasto de romeu e aloe vera, pero tampouco deu resultado. Entón foi a onde Lois, o lobo, e lle deu unha mestura de cola de cabalo, tomiño e cebola, e tampouco funcionou.



Como nada daba resultado, decidiu ir a o poboado dos humanos. Púxose en camiño, e cando chegou, o recorreu sixilosamente ata chegar a casa do curandeiro, e este mirouno, e instantaneamente asustouse, e comezou a correr.

E o oso díxolle que necesitaba axuda, e o médico atendeulle para que lle deixase en paz, porque pensaba que estaba alucinando.

Comprobou que tiña unha das patas dianteiras rota, e vendoulle o lugar onde estaba ferido, e uns días despois, curou.

Foi a onde se atopaba a súa manada e contoulle todo o ocorrido. E os osos foron ao poboado dos humanos, a xogar cos rapaces, e os dous grupos fixéronse moi amigos, e por iso aos nenos lle regalan osiños de peluche.

Pseudónimo: Noelia    Nome: Noa

# OXALÁ GAÑE ESTE E CONCURSO



Nunha afastada aldeiña, había unha pequena casa abandonada á que todos temían.
Comentaban, que na casa as pantasmas asustaban.
Un soleado día á vella casa catro amigos se dirixían.
Que eran moi valentes! -dicían, pero iso era o que eles crían.
Cando a vivenda chegaron, pola porta entraron.
Todo estaba escuro, e OXALÁ, un dos nenos, temía polo seu futuro. Logo díxolle a ESTE, outro dos catro amigos:
-Teño moito medo, e creo que algo me mordeu o dedo!
ESTE contestoulle:
-Non sexas tonto, non hai pantasmas, iso só e un conto.
Seguiron camiñando e CONCURSO e GAÑE, os outros nenos, dixeron que un estraño ruído estaba soando, e se estaban asustando.
ESTE críase o máis valente, xa que non chorou cando lle caeu un dente, e dicía que eran moi medrosos, e que el non lle temía nin aos osos!
Os seus amigos moi asustados e enfadados con ESTE, escaparon escopeteados. Escaparon e cando camiñaban... alguén nos observa!- comentaban.
ESTE quedou só , medo comezou a sentir, e axuda pedir.
O neno tropezou e rapidamente do chan se levantou. Algo abultado tocou, e o botón pulsou.
De repente se acendeu a luz e ao rapaz case lle da un patatús.
Cando nada miraba deuse conta de que de mouchos se trataba.
Todo foran os mouchos:
A OXALÁ mordéranlle o dedo, e fixeran que tivera moito medo.
Os ruídos que estaban soando, eran os animais que estaban piando.
Todo se aclarou, e aos outros amigos aquela aventura contou.
Agora todos os días, a estar cos mouchos volvían.
Ao final, OXALÁ, GAÑE, ESTE, e CONCURSO foron os mellores amigos, e cada vez estiveron máis unidos.






Nun bosque do Vilar, preto de Ponte Sampaio transcorría tranquilamente a vida de piñeiros, acivos, salgueiros... Levábanse moi ben entre eles, incluso un abeto que ninguén sabía como nacera alí era moi raro.

A quela mañá un grupo de xente que camiñaba polo monte tiña unha conversa que os deixou abraiados. Ían a cortar o abeto para levalo a unha tenda de Pontevedra.
Armouse un gran alboroto no lugar e todos se preguntaban cando lle tocaría a eles o turno de cortalos a eles.

Cortárono, levárono e descargárono na tenda. Xa colocado no expositor, decatouse de que non era o único abeto que alí se atopaba ,somentes por iso, púxose contentísimo..

A xente entraba e saía da tenda con abetos pero ningún deles era o noso amigo .
Cando unha familia o comprou púxoselle unha cara de alegria. Chegaron a casa ,puxeron o abeto no salón e enchérono de adornos e luces. ¡Estaba fermosísimo!

O único problema que tiña era que non entendía o seu idioma, o galego. El falaba "o arboliano" entón non sabía que o leite e as galletas que quedaban enriba da mesa o día de Noite Boa eran para Papá Noel e pensando quedouse durmido. Cando espertou estaba cheo de regalos. Xa viñera Papá Noel!

Eran todos regalos para a familia, e, nunha caixiña pequeniña había unhas figuriñas de chocolate para o abeto.

A família colocoulle as figuras. Os nenos daquela casa encantábanlle o chocolate e cada día con moito coida de comían nelas. Ao transcurrir toda esa historia o abeto pensou:

-Que bo é o Nadal!

E como o pasaba tan ben coa familia non se acordou que nacera nun bosque do Vilar e quedou con eles para sempre. Aínda que prometeu ir de vacacións ao pobo que o vira nacer.



# Pequenos Poetas

## Para Alba P.

Coma un forte vendaval,
entrou no meu corazón,
é unha amiga especial
que case sempre ten razón

Antes non me importaba,
tela de amiga ou non
esa rapaza feitizada
que sorrí un montón

Coma os anxos canta ela,
a súa voz é unha canción,
cabelo escuro que semella
que remata a súa función.
Es ti, Alba
rapaza con ilusión,
de cabeciña aloucada
e gran corazón.

## A miña amiga

Es ti a miña amiga,
non hai ningunha igual,
eres única no mundo,
unha rapaza especial.

Ti es moi divertida,
e falas sen parar,
non tes vergoña algunha
á hora de cantar

Non pensas só en ti,
senón tamén nos demáis.
Ti sempre me axudaches,
e eu farei igual.

Alba, sorrinte,
perdida en accións,
espero terte sempre,
en todas as ocasións.

Noa

## Noemi

Cómo estás?
estudando ou vagueando
Cómo estás?
rindo ou chorando

Onde te atopas?
no mar ou na veiga
Onde te atopas?
no ceo ou na terra

Que estas facendo?
xogando ou bailando
Que estás facendo?
nadando ou patinando

Hai Noemi, Noemi
Onde estás?
Hai Noemi, Noemi
Quen te atopará?

Igor

Alumnado de 5º e 6º de EP







Aínda que pareza que foi onte, os nenos e nenas de 6º de Educación Infantil xa levamos 3 anos no colexio, e neste tempo cambiamos moito. Seredes quen de recoñecernos e unir as fotos de como somos agora e como eramos cando empezamos no "colexio de maiores"?








E agora a segunda parte, que nós somos moitos.












# XEROGLÍFICOS: POEMAS DE XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Trata de adiviñar os títulos de tres poemas do autor homenaxeado no Día das Letra Galegas 2014.









Solucións:
1. COMA UN RÍO (coma, 1, río)
2. PENÉLOPE (Pe, ene, lobo-bo, pé)
3. COMA UNHA ESCADA (coma, unha, pescada-p)

Nenos e nenas de 4° EP

# Roteiro dos Bolechas

Durante a celebración da nosa Semana Cultural os nenos/as de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria fomos a Pontevedra para facermos o roteiro dos Bolechas.

Durante a nosa ruta fixemos moitas paradas en distintas prazas e rúas de cidade e aprendemos moitas cousas sobre Pontevedra.



A nosa primeira parada foi sen lugar a dúbida unha das máis significativas da viaxe: **O monumento aos héroes de Ponte Sampaio.**



Logo visitamos a igrexa da Peregrina e descubrimos que tiña forma de concha de vieira e que a concha da vieira era o símbolo dos peregrinos e tamén nos explicaron cal era o motivo polo que os peregrinos antigamente sempre levaban a concha da viera. Vos sabedes cal a que se debe?



E seguimos camiño, pero non un camiño calquera senón que fomos seguindo o Camiño de Santiago cos sinais das conchas e as luces azuis e chegamos á praza da Ferrería e á fonte de Ferrería (que sabedes, xa non está na Ferrería).

E seguimos coñecendo Pontevedra polas seguintes prazas... entre outras



Praza da leña



Praza da Verdura



Os Soportais



Praza da Pedreira



Praza de Méndez Núñez...

Sabedes que foi o único que non conseguimos ver en toda Pontevedra?

Pois, nada máis e nada menos que aos Bolechas. Que desilusión.

TAL COMO FOI 2013/14

## Contido do DVD

Samaín 2013
Nadal 2013
Entroido 2014
Semana Cultural 2014
Pequenos momentos


DIA DA PAZ
MADIBA
1918 - 2013
A EDUCACIÓN É A ARMA MÁIS PODEROSA PARA CAMBIAR O MUNDO